

Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno Municipal para o día 25 de novembro de 2019 (PLENO 14/2019)

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, "Reguladora de las Bases del Régimen Local", arts 82, 177.3 e demais preceptos concordantes do "Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales", aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

RESOLVO:

Primeiro.- Convocar sesión ordinaria do Pleno da Corporación que terá lugar no salón de sesións da casa Consistorial o vindeiro día **25 de novembro de 2019** ás **20:30 horas** en primeira convocatoria, e no caso de non existir quórum necesario, en segunda convocatoria dous días despois, á mesma hora, para debater os asuntos relacionados na seguinte orde do día:

1.- Acta da sesión anterior (28/10/2019). Aprobación.

2.- Declaración institucional 25 de novembro – Día Internacional contra a violencia contra as mulleres e as nenas.

3.- Modificación puntual nº 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM). Aprobación definitiva. (CIPUM de 19/11/2019)

4.- Plan parcial do Sector de solo urbanizable delimitado SUR-D/S-14/AR S-14. Aprobación definitiva. (CIPUM de 19/11/2019)

5.- Ordenanza municipal contra a contaminación acústica do concello de Carballo. Aprobación inicial. (CIPUM de 19/11/2019)

6.- Moción do grupo municipal do PP, rexistro electrónico nº 201999900002080 de 11 de novembro, referente ao plan de actuación para arreglo, acondicionamento de beirarrúas e saneamento na Avenida Fisterra. (CIPUM de 19/11/2019)

7.- Seguimento de órganos de goberno:

7.1.- Informe de intervención e tesourería do cumprimento da lei 15/2010, do 5 de xullo, que modifica a lei 3/2004, do 29 de decembro, de medidas contra a morosidade, relativo ao terceiro trimestre de 2019. Toma de coñecemento.

7.2.- Información rendida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do artigo 16 da orde MAP/2105/2012 do 1 de outubro. Execución do terceiro trimestre de 2019. Toma de coñecemento.

7.3.- Resolucións da Alcaldía.

7.4.- Acordos da Xunta de Goberno Local

7.5.- Rogos e preguntas

Segundo.- Da presente convocatoria e da orde do día darase pola Secretaría debida notificación a todos os membros da Corporación na forma e prazos legalmente previstos, e a través dos medios por eles aceptados expresamente.

Así mesmo procederase á súa publicación no taboleiro de edictos da Casa do Concello.